

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 12:20 horas do día 18 de xuño de 2021, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, sendo a súa suplente **D<sup>a</sup>. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ**, **D<sup>a</sup> ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA**, **D. CARLOS LÓPEZ FONT**, **D<sup>a</sup> NOEMÍ OUTEDA PROL**, **D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ**, **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> VICTORIA ALONSO MÉNDEZ**, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ**, **D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO**, **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PAZ LAGO MARTÍNEZ**, **D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ**, **D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS**, **D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, **D. IGNACIO MARIL PARDO**, **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D<sup>a</sup> MARÍA ORTEGA IÑARREA**.

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, Xefe do Servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.**

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 21/05/2021.

### **2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LISTAXE DE DEPORTISTAS RECOÑECIDOS E NON RECOÑECIDOS NA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO\_DAN) E DEPORTISTAS PROMESA (DEPO\_PROMESA) DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021.**

Polo Presidente da Comisión dáse conta da aprobación da listaxe definitiva de deportistas recoñecidos e non recoñecidos na categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN) e deportistas promesa (DEPO\_PROMESA) da provincia de Pontevedra para o ano 2021, dita listaxe foi aprobada por Resolución Presidencial n<sup>o</sup> 2021003400 de data 11 de xuño.

Dita resolución concédelle a categoría de deportistas de alto nivel para a Deputación de Pontevedra a un total de 231 deportistas, dos cales, 175 obtiveron a categoría de DEPO\_DAN e 56 a categoría de DEPO\_PROMESA. Da mesma forma a resolución antes mencionada non recoñece a un total de 15 deportistas, 7 na categoría DEPO\_DAN e 8 na categoría DEPO\_PROMESA por non encaixar nas bases.

Queda dada conta.

### **3.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:25 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

